


Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Modelo silvícola SS1

Sistema silvopastoral

Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **reboación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **tritución de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**



Sistema silvopastoral

MODELO SILVÍCOLA SS1

Produción multifuncional: de pastos e de madeira

1 PREPARACIÓN DO TERREO


- Subsolado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- **Densidade de plantación inicial:** 500, 400 e 333 plantas/ha, segundo a distancia entre plantas.
- **Marco da plantación:** distancia entre plantas ampla para asegurar produción de pasto: 5 m x 4 m, 5 m x 5 m, 5 m x 6 m.
- **Especies forestais:** todas as especies; son recomendables aquelas de copa máis clara que favorezan o crecemento do pasto natural. Aconsellable coas masas de cerquiño (*Q. pyrenaica*, L.) para o establecemento de sistemas adevesados.
- **Implantación de pasteiros:** roza, unha roturación ou desfondado, dobre pase de grade de discos ou fresado, encalado (2.000-3.000 quilogramos de calcaria/ha), fertilización (NPK doses < 300 kg/ha), sementeira (mestura dactilo 30 kg/ha, raigrás 10 kg/ha e trevo 4 kg/ha) e opcionalmente finalizar con pase de rulo.
- **Plantación (se fose necesaria):** aburatado mecánico de forma xeral, preferible dous meses antes da plantación.

3 MANTEMENTOS

- **Tipo de gando:**
 - Caprino: controla silvas, brotes tenros de toxo, carqueixas, queirogas e xestas. Non come plantas de eucalipto pero si de conifera e do resto de frondosas.
 - Equino: controla ben os toxos, as xestas e as gramíneas, regular para as queirogas e as silvas. Compatible con eucaliptos ocasionando leves danos por pisadas e rozamento.



MODELO SILVÍCOLA SS1

ESPECIE: sistema silvopastoral

OBXECTIVO: produción multifuncional de pastos e madeira. Pastoreo rotacional e extensivo

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais, agás no caso de que se opte por *Eucalyptus spp.* sendo de aplicación os distritos establecidos nos correspondentes modelos de cada especie

- **Ovino:** controla brotes tenros de toxos e queirogas pequenas. Non axeitado para control de matogueira leñosa.
- **Vacún:** controla brotes tenros de carqueixa, queirogas pequenas e gramíneas. Non axeitado para control de toxo, silva ou xesta. Come coníferas e frondosas caducifolias e pode provocar danos mecánicos por pisadas e rozamento.
- **Porcino:** aproveitamento de porco celta alimentado con castaña ou landra incluíriase neste modelo, xunto coas especificidades de mantemento e manexo da ranchada.
- **Cerramentos:** cercas con estacas de 2,20 m de lonxitude e diámetro mínimo de 12 cm, de eucalipto ou piñeiro, cunha separación de 4 m. Para cabras e ovellas aconséllanse cercas con malla de arame galvanizado, de 93 cm de altura, colocando 2 ou 3 fíos de arames por enriba. Para gando maior (cabalos e vacas) é suficiente unha cerca con 4 ou 5 fíos de arame. Revisión e mantemento dos cerramentos.

4 TRATAMENTO PARA O MANEXO DO GANDO

- **Rotación:** o tempo de ocupación de cada parcela polo gando deberá ser dun mes e o tempo de repouso será de tres meses. Evitar ou non utilizar na rotación parcelas con repoboados novos.
- **Carga xeral:** para controlar matogueiras en repoboacións forestais adultas de Galicia 1-2 unidades de gando menor (cabras) por ha e 1 unidade de gando maior (cabalo) por cada 2-4 ha.
- **Cargas instantáneas:** para que o control da matogueira sexa máis efectivo, aconséllanse 4-8 unidades de gando menor (cabras) por ha e 2-3 unidades de gando maior (cabalos) por cada 2-4 ha.

5 SILVICULTURA

- Consultar modelo silvícola correspondente á especie arbórea principal. De forma xeral non necesitan desmestas e rareos, agás cortas de policía (de ser o caso).